

# Os Follas Novas premian a Diego Ameixeiras, Manuel Rivas, Yolanda Castaño e David Pintor

Os premios renderon homenaxe ao escritor Xesús Alonso Montero, a libreira Mercedes Corbillón, e a escritora portuguesa Ana Luísa Amaral.



A gala dos Premios Follas Novas 2022 decorreu no Teatro Principal de Santiago de Compostela. (Foto: Nós Diario)

REDACCIÓN

08/MAIO/22

A gala dos Premios Follas Novas do Libro Galego fechou o tempo de pandemia e recuperou o seu carácter presencial cunha [gala no Teatro Principal de Santiago](#). Os premios Follas Novas están organizados pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Federación de Librarías da Galiza (FLG), co apoio do Concello de Santiago, a Deputación de A Coruña, a Xunta da Galiza e o Centro Estatal de Dereitos Reprográficos (CEDRO).

Na categoría de **Ensaio e investigación**, o premio recaeu en 'Um país a la gallega. Galiza no No-Do franquista', de Beatriz Busto Miramontes (Através Editora). En **Divulgación**, para 'H2... Oh!!! Pingas científicas', de María Canosa (Editorial Galaxia). En **Narrativa**, sobre 'O cervo e a sombra', de Diego Ameixeiras (Edicións Xerais).

O premio de **Libro Infantil** foi para 'Neko', de Eva Mejuto e ilustrado por Bea Gregores (Oqueleo). Na categoría de **Xuvenil** levou o galardón 'Santoamaro', de Antonio Manuel Fraga (Edicións Xerais). Na de **Libro ilustrado** 'A Coruña', por David Pintor (Kalandraka Editora).

O galardón de **Banda deseñada, gráfico e humor** outorgouse a 'Aldara. A lenda do cervo branco', de Inés Vázquez (Demo Editorial). A **Iniciativa bibliográfica** mellor valorada polos Follas Novas foi 'Colección Chave Mestra', de autoría colectiva (aCentral Folque).

No caso de **Obra traducida**, resultou gañadora 'Canto eu e a montaña baila', de Irene Solá, e traducida por María Alonso Seisdedos (Kalandraka Editora). O premio de **Poesía** recaeu en 'O que fica fóra', de Manuel Rivas (Apiario). En **Teatro** 'As desterradas', de Carme Varela (Edicións Xerais / Xunta). O premio ao **Libro mellor editado** levouno tamén 'O que fica fóra', de Manuel Rivas (Apiario).

## **Premios a traxectorias**

Na categoría de **traxectoria en Iniciativa cultural ou fomento da lectura** recibiu o premio 'Poetas Di(n)versos', por Yolanda Castaño. No caso de **Proxecto literario na rede**, o galardón recaeu en 'O Arquivo das Trasnás' (Instagram), de autoría colectiva. Pola súa parte, o premio de **Xornalismo cultural**, recibíuno Belén Regueira.

## **Premios honoríficos**

Cada unha das tres asociacións organizadoras dos [Premios Follas Novas](#) entregou na Gala celebrada no Teatro Principal de

Santiago os seus premios de honra anuais. Os premios desta edición foron para Xesús Alonso Montero, Mercedes Corbillón e Ana Luísa Amaral.

**Xesús Alonso Montero** (Vigo, 1928), é o Premio Honorífico da Edición da Asociación Galega de Editoras como filólogo, crítico literario, escritor, poeta, sociolingüista e profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela. A AGE considera que Xesús Alonso Montero é unha figura fundamental na resistencia do libro galego durante a “longa noite de pedra” do franquismo e un incansábel impulsor do seu novo rexurdimento despois da chegada das liberdades.

**Mercedes Corbillón**, responsábel da librería Cronopios de Santiago de Compostela, foi a distinguida co premio que anualmente escolle a Federación de Librarías da Galiza. Segundo Ramón Domínguez, a escolla de Mercedes Corbillón como premiada débese a que “representa todo o que debe ser unha librería na actualidade tanto por actividades como pola interrelacións que consegue entre quen escribe e quen le”.

A AELG designa todos os anos unha autoría universal. Este ano, a designación correspondeu a **Ana Luís Amaral** (Lisboa, 1956), poeta e profesora na Universidade do Porto, con áreas de estudo son as poéticas comparadas, feminismo e estudos queer. Segundo a poeta Marta Dacosta “Amaral é a poeta que contraría a tradición, a que reinterpreta e volve falar dos mitos, das personaxes, das figuras prototípicas. Contraría e ironiza”.

## **Unha gala reivindicativa**

No acto, presentado por **Aldao Lado** e coa participación musical do **grupo Peña**, reclamouse máis atención para o sector do libro e da literatura na Galiza e lembrouse a situación na que se encontra despois da crise propiciada pola Covid.

O **presidente das escritoras e escritores galegas, Cesáreo Sánchez Iglesias**, falando no nome das tres asociacións organizadoras, realizou o discurso institucional aludindo á situación actual do mundo e á necesidade de lembrar que o “sistema literario galego ten unha fráxil saúde”.

Sánchez Iglesias remarcou a necesidade de que se poña en marcha o plan lector e que as Administracións “teñan empatía co sector” e “as súas necesidades”, unha petición que tamén lle fixo “a cada persoa lectora do país”.

O **xurado** deste ano estivo formado por Inma López Silva, Miriam Ferrandáns, Pilar Sampedro, Esther Gómez, Ramón Nicolás, Charo Portel e Susana Sánchez Aríns.